

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

11688 *Corrección de erros da Orde FOM/1635/2013, do 10 de setembro, pola que se actualiza o documento básico DB-HE «Aforro de enerxía» do Código técnico da edificación, aprobado polo Real decreto 314/2006, do 17 de marzo.*

Advertidos erros na Orde FOM/1635/2013, do 10 de setembro, pola que se actualiza o documento básico DB-HE «Aforro de enerxía», do Código técnico da edificación, aprobado polo Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, publicada no BOE, suplemento en lingua galega ao número 219, do 12 de setembro de 2013, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Primeira.

Esta corrección non procede en lingua galega.

Segunda.

Na páxina 6, no punto III, Criterios xerais de aplicación, último parágrafo, onde di: «As citas dunha disposición regulamentaria neste DB refírense á versión vixente en cada momento. As citas de normas refírense ás versións que se indican no documento “Normas de aplicación”, que terá o carácter de documento recoñecido do CTE.», debe dicir: «As citas neste DB dunha disposición regulamentaria ou dunha norma EN refírense á versión vixente en cada momento.».

Terceira.

Na páxina 12, no número 2.2.2, Edificios novos ou ampliacións de edificios existentes doutros usos, onde di: «*A cualificación enerxética para o indicador consumo enerxético de enerxía primaria* do edificio ou da parte ampliada», debe dicir: «*A cualificación enerxética para o indicador consumo enerxético de enerxía primaria non renovable* do edificio ou da parte ampliada».

Cuarta.

Na páxina 12, no número 3.2, Xustificación do cumprimento da exigencia, punto 1, subalínea h), onde di: «en caso de edificios de uso distinto ao residencial privado, *cualificación enerxética para o indicador de enerxía primaria*», debe dicir: «en caso de edificios de uso distinto ao residencial privado, *cualificación enerxética para o indicador de consumo enerxético de enerxía primaria non renovable*».

Quinta.

Na páxina 13, na táboa 2.2, Eficiencia dos sistemas de referencia, na columna en que se especifican os rendementos, onde di: «0,9», debe dicir: «0,92», e onde di: «2,0», debe dicir: «2,00».

Sexta.

Na páxina 18, na táboa 2.3, Transmitancia térmica máxima e permeabilidade ao aire dos elementos da envolvente térmica, na fila relativa á permeabilidade ao aire de ocós, onde di: «< 50», debe dicir: «≤ 50», e onde di: «< 27», debe dicir: «≤ 27».

Sétima.

Na páxina 18, no número 2.2.2.1, Limitación da demanda enerxética do edificio, no punto 3, onde di: «se a *demanda enerxética* resultante for igual ou inferior á obtida aplicando os valores da táboa aos elementos afectados.», debe dicir: «se a *demanda enerxética conxunta* resultante for igual ou inferior á obtida aplicando os valores da táboa aos elementos afectados.»

Oitava.

Esta corrección non procede en lingua galega.

Novena.

Na páxina 43, no número 1, Ámbito de aplicación, no punto 1, subalínea b), onde di: «intervención», debe dicir: «intervencións».

Décima.

Na páxina 43, no número 1, Ámbito de aplicación, no punto 2, subalínea c), onde di: «edificios independentes cunha superficie útil total inferior a 50 m²:», debe dicir: «edificios illados cunha superficie útil total inferior a 50 m²:».

Décimo primeira.

Na páxina 53, na táboa 2.2, Contribución solar mínima en %. Caso climatización de piscinas cubertas, onde di: «Demanda total de AQS do edificio (l/d)», non debe dicir nada.

Décimo segunda.

Na páxina 59, na táboa 5.2, Plan de mantemento. Sistema de captación, na nota ao rodapé marcada con *, onde di: «Operacións que se realizarán no caso de optar polas medidas b) ou c) do número 2.1.2, parágrafo 2», debe dicir: «Operacións que se realizarán no caso de optar polas medidas b) ou c) do número 2.2.2, parágrafo 2».

Décimo terceira.

Esta corrección non procede en lingua galega.